



# XOGOS MUSICAIS



Compañeiros e compañeiras, como xa saberedes, durante a Semana da Música colocamos carteis e murais por todo o insti que tiñan algo de todo, chistes, curiosidades ... e tamén algúns xogos musicais que escollimos para vos, agora vos achegamos de novo eses xogos e algún mais para que disfrutedes con eles cando queirades e con quen queirades. Recordade que tamén pintamos un no chan do escenario do Pavillón e que tedes unha ruleta á vosa disposición para xogar a el. Pasádeo ben.

## XOGOS DE ESCOITAR

### 1. RECOÑECER A CANCIÓN

Para quen?: Para nenos  
Duración: xogo curto

O grupo pode ser dividido, en grupos ou individualmente. Un presenta un ritmo de unha canción coñecida, coa axuda dun instrumento con palmas, con pitos ... O primeiro grupo que adiviña o nome da canción gañará un punto. O que teña dez puntos gañará

### 2. BUSCAR O ERRO

Para quen?: Para nenos  
Duración: Xogo curto

O obxectivo deste xogo é, que se descubra un erro que se fixo na letra dunha canción coñecida . Un cantará esa canción e o grupo ou a persoa que o descubra gañará un punto así ata cinco puntos o primeiro que chegue os cinco puntos gana.

## XOGOS DE COMUNICACIÓN

### 3. COMPLETAR A CANCIÓN

Para quen?: Para adolescentes  
Duración: cinco ou dez minutos

Un grupo está en círculo. Alguén empeza a letra dunha canción e a segunda persoa ten que continuar a letra e así sucesivamente hasta que un falle. Este empezará unha letra nova e o segundo volve a seguir a letra da canción e así hasta que se queira.

### 4. XOGO DAS RIMAS

Para quen? Para adolescentes  
Duración: cinco minutos

Fanse dous grupos, unha persoa dun grupo empeza unha frase e o outro ten que facer outra frase que rime coa anterior e despois volve a facer outra persoa dese grupo outra frase e a persoa do segundo grupo volve a facer que rime así ata que fallen. Despois o segundo grupo empeza a facer as frases e o primeiro fai que rimen, así ata que se queira.

## XOGOS DE CONCENTRACIÓN

### 5. O XILÓFONO HUMANO

Para quen?: Adolescentes ou adultos  
Duración: cerca de dez minutos

Oito persoas pónense en fila. A primeira persoa canta unha nota grave e intenta memorizala. A persoa que está a seguir debe partir desa nota e cantar a nota que segue nunha tonalidade maior e a terceira persoa cantará a seguinte nota noutra tonalidade maior e así hasta as oito persoas (tamén se pode facer con instrumentos). A finalidade do xogo é facer que cada un consiga lembrar a súa nota, para poder cantar en calquera momento.

A fila dos participantes ten que parecerse a un xilófono de oito láminas. Cada persoa da fila estende a mao, de forma que outro toque nas mans e cada un tén que cantar a nota de antes.

### 6. XOGO DO RITMO

Para quen?: Nenos, adolescentes e adultos  
Material: Instrumentos ou calquera material que nos sirva para facer ritmos.  
Duración: Cerca de dez minutos

O grupo está sentado en círculo; cada persoa dispón dun instrumento, unha persoa tén que inventar un ritmo curto e o do lado tén que facer ese ritmo e tamén inventar outro, así sucesivamente ata que un falle. Ese volverá a empezar outro ritmo e volvese a facer sucesivamente unha cadea desta maneira ata que se queira.

